
Modificación da Ordenanza Reguladora do Servizo de ludoteca, coidado de nenas e nenos e do tempo de lecer, publicada no Boletín oficial da Provincia de Ourense o martes, 5 de xullo de 2016.

Propónse a modificación do Artigo 5º.-Destinatarias/os e límite de prazas, no punto 1.- Destinatarias e destinatarios.

Dito punto dí:

1. Destinatarias e destinatarios:
 - a. As prazas do servizo de ludoteca coidado de nenas e nenos terán como destinatarias/os ás nenas e nenos de idades comprendidas entre 3 e 11 anos de idade. Estímase a posibilidade de incorporar excepcionalmente a rapazas e rapaces de 12 anos no caso de estaren cursando 6º de primaria.
 - b. As prazas do Tempo de Lecer terán como destinatarias/os ás nenas e nenos de idades comprendidas entre 3 e 11 anos de idade.

Coa modificación quedaría da seguinte maneira:

2. Destinatarias e destinatarios:
 - c. **As prazas do servizo de ludoteca coidado de nenas e nenos terán como destinatarias/os ás nenas e nenos de idades comprendidas entre 3 e 11 anos de idade, cumpridos no ano natural da convocatoria. Estímase a posibilidade de incorporar excepcionalmente a rapazas e rapaces de 12 anos cumpridos no ano natural da convocatoria, no caso de estaren cursando 6º de primaria.**
 - d. **As prazas do Tempo de Lecer terán como destinatarias/os ás nenas e nenos de idades comprendidas entre 3 e 12 anos de idade. Estímase a posibilidade de incorporar excepcionalmente a rapazas e rapaces de 13 anos no caso de estaren cursando 6º de primaria.**